



1.- Complete as seguintes frases:

- 1.1.- A captación de partículas de gran tamaño pola célula chámase.....
- 1.2.- A unión de varias vesículas que perderon o revestimento despois da endocitose mediada por receptor forman un .....
- 1.3.- A unión dos lisosomas primarios con vacuolas endocíticas forman un .....
- 1.4.- Os dous destinos posibles das vesículas endocíticas son .....
- ou o .....
- 1.5.- A captación de macromoléculas que requiren unha unión previa a un receptor de membrana recibe o nome de .....
- 1.6.- Na cara interna da membrana plasmática atopamos unha proteína que forma unha rede que recobre ás vesículas endocíticas e recibe o nome de .....

2.- Describa e comente o proceso representado no seguinte esquema:




3.- Identifique os 3 procesos representados no esquema seguinte:



Nome:.....  
Gupo:.....Data:.....

4.-Conteste brevemente ás seguintes cuestións:

- 4.1.- Que diferenza hai entre fagocitose e pinocitose?.....
- 4.2.- Que diferenza hai entre exocitose constitutiva e regulada?.....
- 4.3.- Identifique os procesos representados:



4.5.- Que entendemos por célula diana dunha hormona?.....

4.6.- Complete a seguinte táboa:

Tipo de molécula	Células produtoras	Mecanismo acción	Tipo de secreción
Mediadores químicos locais			
Hormonas			
Neurotransmisores			

5.- Cite 3 diferenzas importantes entre as hormonas vexetais e as animais:.....

.....  
.....  
.....

6.- Relacione as hormonas vexetais que se indican coa función ou funcións que desenvolven nos organismos vexetais:

FITOHORMONA	FUNCIÓN BIOLÓXICA
Etileno	Crecedemento e división das células
Citoquininas	Maduración dos froitos
Xiberelinas	Responsable do fototropismo e xeotropismo
Ácido Abscísico	Caída dos froitos
Auxinas	Retraso na senescencia foliar
	Responsables da dominancia apical
	Xerminación das sementas

7.- Defina os seguintes termos:

7.1.- Factores de liberación:

7.2.- Hormonas trópicas:

7.3.- Hormonas somáticas:

7.4.- Hipotálamo:

7.5.- Hipófise:

8.- Completa a seguinte táboa indicando a glándula que produce a hormona que se indica e a función que esta desenvolve no organismo.

HORMONA	GLÁNDULA PRODUTORA	FUNCIÓN BIOLÓXICA
Prolactina		
ACTH		
Vasopresina		
MSH		
Oxitocina		
TSH		
FSH-		
Somatotropa		

9.- Responda ás seguintes cuestións:

9.1.- Cite dúas hormonas producidas no rinle e indique a función que desenvolven:

Nome:.....

Gupo:.....Data:.....

HORMONA	FUNCIÓN

9.2.- Que son as hormona antagónicas? Cite un exemplo.....

9.3.- Que é a melatonina? Que glándula a produce?.....

9.4.- Que é a calcitonina? Que glándula a produce?.....

9.5.- En función da súa composición química, que 3 tipos de hormonas animais existen?.....

9.6.- Que son as catecolaminas?.....


9.7.- Cite dous exemplos de hormonas lípidicas?.....

9.8.- Que tipo de hormonas teñen receptores na membrana da célula hospedadora dado que non poden entrar na célula?.....


9.9.- Que tipo de hormonas poden atravesar a membrana plasmática da célula hospedadora e teñen receptores no interior do citoplasma?.....

9.10.- Que é a proteína G? Onde se atopa na célula? Que función cumpre?.....

10.- Comente o seguinte esquema, indicando o nome da proteína número 4.



11.- Comente o seguinte esquema:



12.- Defina os seguintes termos:

12.1.- Quimiotaxia positiva:


12.2.- Fototaxia negativa:

12.3.- Tropismo:

12.4.- Nastia:

13.- No seguinte esquema represéntase a reacción dunha bacteria a presenza dunha substancia química no medio. Como se chama ese proceso? Por que ocorre?


Correlación de la natación y el comportamiento de rotación flagelar



14.- Comente os seguintes esquemas:

<p>propeller like motion back and forth beating passive part in motion basal body</p>	
<p>Flagelo Micrografías electrónicas de secciones transversales Doblete microtubular externo Membrana del plasma Flagelo Cuerpo basal Cuerpo basal (estructuralmente idéntico al centriolo) Microtubulos centrales Doblete microtubular externo Membrana del plasma</p>	
<p>Microtubulos ATP Brazos de Dineína</p>	
<p>Gel Sol Cilia Effective stroke Recovery stroke</p>	

15.- Comente o seguinte esquema, indicando que mecanismo emprega a ameoba para desprazarse por reptación sobre superficies sólidas.



16.- Comente o seguinte esquema indicando:

- tipos de células que aparecen.
- tipo de orgánulos que aparecen na fotografía.
- nome do movemento deses orgánulos dentro do citoplasma.
- mecanismo que explica ese movemento.



17.- Explique o mecanismo de desprazamento de orgánulos dentro do citoplasma celular.

